

ASUNTO: Resolución da Xerencia en relación coa aplicación no ámbito da UDC das Instrucións da Oficina Independente de Regulación Supervisión da Contratación (OIRESCON) e singularmente a Instrución 1/2019 (Resolución do Ministerio de Facenda de 6/3/2019).

Están a se recibir na Xerencia copias de expedientes de gasto en que se inclúe un reparo suspensivo do Servizo de Intervención do seguinte teor literal:

«Incumpre a Instrución 1/2019 da Oficina Independente de Regulación Supervisión da Contratación (OIRESCON): de acordo co principio de competencia e, como medida antifraude e de loita contra a corrupción, o órgano de contratación solicitará, polo menos, tres orzamentos, o que terá que quedar debidamente acreditado no expediente... de non ser posible o anterior, deberáselle incorporarse ao expediente a xustificación motivada de tal extremo.

Se non está de acordo co presente informe, poderá presentar un escrito de discrepancias ante o xerente da UDC, segundo se establece na Resolución do 29/04/2002 da UDC, pola que se aproban as normas de Control interno dos expedientes de gasto».

A OIRESCON créase na Lei de contratos do sector público (Lei 9/2017, do 8 de novembro). O artigo 332 da LCSP crea a OIRESCON para velar pola aplicación correcta da normativa en materia de contratación pública. As súas instrucións son obrigatorias para todos os órganos de contratación do sector público do Estado.

Por Resolución do 6/03/2019 publícase a Instrución 1/2019, do 28 de febreiro, sobre contratos menores, regulados na Lei 9/2017, do 8 de novembro. Esta Instrución establece unha nova obrigaón na xestión dos gastos para as administracións públicas do sector público estatal, obrigadas a cumprir esta norma: deben pedir cando menos tres orzamentos antes de adxudicar o expediente.

No apartado VII a Instrución 1/2019 establece:

«VII. Obrigatoriedade: a presente Instrución será obrigatoria para todos os órganos de contratación do sector público do Estado e deberase ter en conta para a tramitación do expediente».

Segundo o regulado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as universidades públicas están encadradas no sector público institucional. Debido a que as universidades non forman parte do sector público estatal, as instrucións da OIRESCON non son de obrigado cumprimento no ámbito universitario.

Na UDC, as instrucións da OIRESCON terán que se aplicar no caso de execución de financiamento alleo, unicamente cando a normativa que regule a axuda o requira. Esta circunstancia deberá quedar acreditada no expediente de gasto. Igualmente, deberán aplicarse todas aquelas normas esixidas en función do financiamento recibido. As unidades responsables deberán informar, no caso de que haxa condicións específicas derivadas da concesión da axuda.

Código Seguro De Verificación	fldoDP8TYf5KIkoX0iYXcw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	26/11/2020 14:43:08
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/fldoDP8TYf5KIkoX0iYXcw==		



Dende a publicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público constitúese na UDC o grupo de traballo de contratos onde se tratan asuntos nesta materia. Na Universidade publícanse Instrucións da Xerencia en materia de contratación administrativa.

De acordo co que antecede,

RESOLVO

- Comunicarlles aos diferentes responsables de asuntos económicos que as Instrucións da OIRESCON non son aplicables na UDC ao estar dirixidas aos órganos de contratación do Sector Público do Estado.
- Comunicarlles aos diferentes responsables de asuntos económicos que a Instrución 1/2019 da OIRESCON non resulta de aplicación na UDC.
- Notificar que as instrucións da OIRESCON serán aplicables na UDC cando a normativa derivada da execución e xustificación do financiamento alleo así o requira. Este requirimento debe quedar acreditado no expediente de gasto que se tramite e indicarse concretamente na devolución de expedientes de gasto, caso de reparos suspensivos do Servizo de Intervención.
- Notificar que, en caso de financiamento alleo, o expediente de gasto se adecuará ás condicións establecidas na normativa reguladora da axuda. A unidade solicitante da axuda e/ou a que proceda a súa xustificación deberá informar aos responsables tramitadores e aos responsables do/s gasto/s, das condicións da súa execución en relación as instrucións da OIRESCON e aquelas normas as que deberá adecuarse a UDC na execución e xustificación do financiamento recibido.
- Comunicar esta resolución as vicerreitorías que xestionen fondos alleos e as unidades e servizos que xustifiquen estes financiamentos (fondos europeos, proxectos nacionais, proxectos da Xunta de Galicia e outras actuacións imputadas a fondos alleos e cun réxime específico de xestión e xustificación de obrigado cumprimento para a UDC).
- Notificar que as instrucións específicas da UDC en materia de contratación, de obrigado cumprimento, son obxecto de publicación e notificación a través da Xerencia.

Asinado dixitalmente.

Código Seguro De Verificación	fldoDP8TYf5KIkoX0iYXcw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	26/11/2020 14:43:08
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/fldoDP8TYf5KIkoX0iYXcw==		

